



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Estancias Clínicas IV	Código	661G01028	
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	12
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Ter superadas as Estancias Clínicas I,II,III para poder cursar esta materia.			
Departamento				
Coordinación	Souto Fernández, Estela	Correo electrónico	estela.souto@udc.es	
Profesorado	Souto Fernández, Estela	Correo electrónico	estela.souto@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estas estancias clínicas correspóndense a un nivel intermedio da aprendizaxe práctica tutelada do estudante, tendo como finalidade integrar os coñecementos e habilidades adquiridos na materia Enfermaría Comunitaria I e II. Están dirixidas á incorporación dos estudantes no ámbito da atención primaria de saúde, co fin de que aprendan a proporcionar ás persoas e ás familias coidados integrais e continuos, diagnosticando os problemas de saúde, diseñando os planos de coidados, desenvolvendoos e avaliandoos, tendo en conta a situación de saúde das persoas, o seu contorno e ciclo vital, co obxectivo de promover, manter ou mellorar a súa saúde. Así mesmo, considerárase un obxectivo primordial o desenvolvemento de habilidades de comunicación cos usuarios, as familias e o equipo do centro de saúde.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Cooperar có equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario.	A62	B1 B5 B10 B13 B14 B22	C4 C7
Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as súas familias e grupos.	A62	B7 B10 B14 B15	C1 C12
Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital. Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade.	A62	B1 B3 B8 B9 B11 B12 B19 B20	C3 C10 C11
Actuar segundo os principios éticos e legais que guían á profesión. Cumprir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B1 B3 B6 B8 B9 B11 B13 B16 B20 B24	C4 C10 C11 C12

Contidos	
Temas	Subtemas
Prácticas clínicas tuteladas realizadas en centros de atención primaria de saúde.	

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B8 B11	1	0	1
Prácticas clínicas	A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B3 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	233	16	249
Seminario	B1 B3 B8 B11 B16 B20 B24 C1 C4 C11	2	10	12
Estudo de casos	B1 B3 B8 B11 B12 B19 C1 C3 C7 C10	2	30	32
Presentación oral	C1 C3 C12	0	4	4
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas no contorno da atención primaria de saúde. Realizarase unha sesión na aula na que se especificarán tódolos aspectos necesarios para o correcto desenvolvemento da materia, así coma o sistema de avaliación.
Prácticas clínicas	Actividade formativa que conleva un contacto coa realidade profesional ó desenvolverse en centros de atención primaria de saúde e na comunidade, nas que os estudantes observan e participan nas actividades do equipo de saúde, co fin de proporcionarlles as oportunidades que supoñan a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica enfermeira. Cada alumno terá asignado ó inicio do curso un centro de saúde para realizar o rotatorio.
Seminario	Desenvolverase o estudo intensivo dun tema. Este tema (elixido pola profesora) prepararase de forma individual polo alumno antes do seminario, e neste discutirase. Será precisa a participación de todos os alumnos que formen os distintos grupos, establecéndose ó final do seminario unhas conclusións.
Estudo de casos	Actividade encamiñada a promover a aprendizaxe autónoma do estudante, consistindo na selección dunha situación clínica concreta validada pola profesora responsable da materia, para a súa abordaxe e resolución con metodoloxía enfermeira.
Presentación oral	Actividade na que o estudante realizará a exposición verbal a outros estudantes e ó profesor, da resolución dada a situación clínica recollida a través da metodoloxía de estudo de casos. Tendo que facer as aclaracións oportunas ás cuestións que vaian xurdindo despois da exposición.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Seminario Presentación oral Estudo de casos Prácticas clínicas	<p>A atención personalizada relacionada coas Prácticas clínicas ten como finalidade atender as consultas dos estudantes relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o estudante debe acadar. Farase de forma individualizada, ben de xeito presencial, ou a través do correo electrónico.</p> <p>A atención personalizada relacionada co Estudo de Casos e Presentación oral ten como finalidade orientar ós estudantes na realización e presentación das situacións clínicas. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial, ou a través do correo electrónico.</p>
---	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	B1 B3 B8 B11 B16 B20 B24 C1 C4 C11	<p>Criterios de avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Asistencia obrigatoria. 2. Participación: ata 3 puntos. 3. Capacidade de análise e síntese: ata 3 puntos. 4. Capacidade crítica e achega persoal: ata 4 puntos. 	10
Presentación oral	C1 C3 C12	<p>O plano de coidados realizado durante o rotatorio presentárase obrigatoriedade de xeito oral e empregando apoio audiovisual.</p> <p>Criterios de avaliación (ata 1 punto cada apartado):</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Emprega terminoloxía científica. 2. Adáptase ó tempo establecido. 3. Exprésase verbalmente con fluidez. 4. Utiliza os recursos tecnolóxicos ó seu alcance para a exposición. 5. Demostra actitude de escoita e respecto polas aportacións dos outros estudantes. 	5
Estudo de casos	B1 B3 B8 B11 B12 B19 C1 C3 C7 C10	<p>Criterios de avaliación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Asistencia obrigatoria. 2. Presentación e estrutura: ata 2 puntos. 3. Claridade na redacción: ata 2 puntos. 4. Capacidade de análise e síntese: ata 2 puntos. 5. Capacidade crítica e achega persoal: ata 4 puntos. 	35
Prácticas clínicas	A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B3 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	<p>A asistencia ás prácticas clínicas será obrigatoria. Realizarase unha avaliación continuada da adquisición das competencias a través dos criterios ou indicadores establecidos.</p>	50

Observacións avaliación



A superación da materia queda suxeita a que cada unha das metodoloxías sexa superada polo estudante de forma independente, acadando o 50% da nota máxima posible da porcentaxe que lle corresponde.

Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria, as ausencias deberán xustificarse de acordo a normativa xeral do Centro relativa as Estancias Clínicas. Estas serán recuperadas ó remate dos rotatorios establecidos, e antes da data de peche das actas. As faltas non xustificadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do Centro.

As datas e os horarios nos que cada estudante realizará as prácticas clínicas publicarase no taboleiro da Escola antes do inicio das mesmas.

O finalizar o periodo de prácticas clínicas os estudantes deberan presentar a a Memoria segundo se especifica no regulamento de Estadias Clínicas.

Avaliación 2ª oportunidade: Dado que a practica clinica e unha actividade presencial, non recuperable, os estudantes so poderán empregar a 2ª oportunidade para recuperar as activiades relativas a solución de problemas.

Adianto de oportunidade e estudantes con matricula parcial, dado que a practica clinica e unha actividade presencial, non recuperable, non e posible establecer unha avaliación diferente para estos casos.

Fontes de información

Bibliografía básica	NANDA internacional. Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2012-2014. Madrid: Elsevier; 2013. Moorhead S, Johnson M, Maas ML, Swanson E. Clasificación de resultados de enfermería (NOC). 5ª ed. Barcelona: Elsevier; 2014. Bulechek GM, Butcher HK, McCloskey Dochterman J. Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). 6ª ed. Barcelona: Elsevier; 2014. NANDA Internacional. Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. Barcelona: Elsevier; 2011. Arias Vázquez JM, Blanco Rial ML, Constenla Castro A. Estandarización de cuidados de enfermería ao paciente inmovilizado no domicilio. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade; 2005. Delgado Fernández R, Pérez Vázquez A, Rodríguez Iglesias FJ. Manual de prevención e tratamento de úlceras por presión. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade; 2005. Luis Rodrigo MT. Los diagnósticos enfermeros. Revisión crítica y guía práctica. 8ª ed. Barcelona: Elsevier; 2008. Martín Zurro A, Jodar Sola G. Atención familiar y salud comunitaria: Conceptos y materiales para docentes y estudiantes. Barcelona: Elsevier; 2011. http://www.fisterra.com/ A bibliografía especificada na materia de Enfermaria Comunitaria I e II
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/661G01001
 Bases para a interpretación do coñecemento científico/661G01008
 Enfermaría Comunitaria I/661G01014
 Enfermaría da Saúde Mental/661G01015
 Enfermaría clínica III/661G01017
 Enfermaría materno-infantil/661G01018
 Enfermaría Comunitaria II/661G01019
 Enfermaría Xerontolóxica/661G01020
 Enfermaría Clínica I/661G01034
 Enfermaría Clínica II/661G01035
 Fisioloxía/661G01105
 Fundamentos de Enfermaría/661G01107

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estancias Clínicas V/661G01029
 Estancias Clínicas VI/661G01030
 Estancias Clínicas VII/661G01031

Materias que continúan o temario

Practicum/661G01032

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías